

## **Preguntas frecuentes Tarxeta Benvida**

### **1. Onde podo utilizar a miña Tarxeta Benvida?**

Esta tarxeta só pode ser utilizada en farmacias, parafarmacias, supermercados, tendas de alimentación e establecementos de puericultura ou especializados en artigos e produtos para a infancia.

Non ten operatividade como medio de disposición de efectivo en caixeiros automáticos, oficinas bancarias nin ningunha outra rede de disposición de efectivo.

### **2. Como podo saber o meu saldo?**

Poderás coñecer o saldo da túa tarxeta en todo momento e de forma totalmente gratuíta a través de:

- [www.damemisaldo.com](http://www.damemisaldo.com) de ABANCA
- A boleta dunha TPV ABANCA onde realizases algunha operación coa Tarxeta Benvida
- Os caixeiros de ABANCA, onde tamén poderás consultar os últimos movementos

### **3. Vixencia da miña tarxeta**

A data de caducidade da Tarxeta Benvida aparece estampada no anverso do propia tarxeta e coincide cunha vixencia máxima de 12 meses desde a data do nacemento ou da resolución administrativa ou xudicial nos supostos de adopción ou situación de garda con fins adoptivos.

En calquera caso non poderá ser usada con posterioridade ao 31/12/2018.

### **4. Esquecín o PIN da miña tarxeta**

Remite un correo electrónico ao enderezo electrónico [tarxetabenvida.familia@xunta.gal](mailto:tarxetabenvida.familia@xunta.gal)

### **5. Marquei tres veces mal o PIN e bloqueouse a tarxeta**

Remite un correo electrónico ao enderezo electrónico [tarxetabenvida.familia@xunta.gal](mailto:tarxetabenvida.familia@xunta.gal)

### **6. Roubáronme ou perdín a miña tarxeta**

Se extraviaches a túa tarxeta ou sospeitas que cha poidan ter roubado, debes comunicalo inmediatamente por calquera destes medios:

- ao enderezo electrónico [tarxetabenvida.familia@xunta.gal](mailto:tarxetabenvida.familia@xunta.gal)
- ao teléfono da Xunta 981 544 623 en horario de 12.00 a 14.00 h. de luns a venres